



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIONES DIRECTAS NOMINATIVAS TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA) NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2026.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico - Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2026.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Concello de Viveiro	P2706700H	Nominativa	Aportación Conservatorios	3240.48900	15.000€	Presidencia
Asociación Educando en Familia	G27437581	Nominativa	Gastos de funcionamento e xestión	3240.48900	17.000€	Presidencia
Instituto de Estudos Chairegos Pena do Encanto	G27268085	Nominativa	Publicación e actividades	3340.48900	6.000€	Presidencia
Sociedad Filarmónica de Lugo	G27013069	Nominativa	Realización de Concertos Tempada 2026	3340.48900	15.000€	Presidencia
Mesa pola Normalización Lingüística	G15154610	Nominativa	Funcionamento e Actividades	3340.48900	15.000€	Presidencia
Asoc. Galega de Profes. Educ. Matemática AGAPEMA	G27264266	Excepcional	Olimpiada Matemática Español	3340.48911	25.000€	Presidencia
Asoc. Cultural 2.8	G27457498	Excepcional	Maquieira e Vila: Trazando a modernidade	3340.48911	9.130€	Presidencia

Lugo, 13 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1906

CONCELLOS**CASTROVERDE***Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA****PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN ARQUITECTURA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA A1****D. XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE (LUGO)**

Visto que en data 22 de abril de 2026 aprobáronse as bases reguladoras das probas selectivas para cubrir en propiedade unha praza vacante de técnico/a superior en arquitectura da escala de administración especial, subescala técnica A1, pola quenda libre mediante oposición.

Visto que en data 12 de xuño de 2026 foi publicado un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, número 143

Visto que en data 13 de xullo rematou o prazo de presentación de solicitudes.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista PROVISIONAL de admitidos/as e excluídos/as, (con indicación do motivo de exclusión), no proceso selectivo indicado, que se indica a continuación:

ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

Nº	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI	CELGA	ADMITIDO/A
1	ÁLVAREZ	AROSA	ROQUE	****9671*	SI	SI
2	CABEZA	PUENTE	GONZALO	****8021*	SI	SI
3	CASTRO	PAREDES	TANIA	****3479*	SI	SI
4	CRECENTE	DAPENA	EVA	****0088*	SI	SI
5	FERNÁNDEZ	POSADA	DANIEL	****2887*	SI	SI
6	JUAN	SIERRA	MICHAEL	****6687*	SI	SI
7	LOUREIRO	SOUTO	MARIA DEL MAR	****5459*	SI	SI
8	MASEDA	MARTINEZ	MARIA MERCEDES	****0159*	SI	SI
9	NUÑEZ	FRESCO	CRISTINA	****6986*	SI	SI
10	PRADO	RODRIGUEZ	LAURA	****1915*	SI	SI
11	RUBINOS	CORTES	MARCOS	****2629*	SI	SI
12	SOBRINO	SANZ	BEGOÑA	****7045*	NO	NON (*1)

*1. Non aporta o xustificante do ingreso da taxa dentro do período de presentación de instancias.

Segundo.- Conceder ao aspirante excluído un prazo de emenda de defectos un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no BOP desta resolución.

Terceiro.- Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello e da sede electrónica <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0> e no BOP de Lugo.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade

Castroverde, 14 de xullo de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández. A secretaria interventora, María García Ferro.

R. 1924

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2026 NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2026.**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 28 de maio de 2026, de aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 4/2026, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo a remanente de tesourería, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

CAPITULOS	IMPORTE
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	661.933,83
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	2.135.850,05
CAPÍTULO III: Gastos Financeiro	0,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	69.500
CAPÍTULO VI: Investimentos reais	1.074852,29
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	18.300
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL	3.960.436,17

Así mesmo, acordouse modificar o Anexo de Inversións integrado no expediente do Orzamento Municipal incorporando as seguintes inversións:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe Subvención	Recursos propios
453.619	Reforzo do firme con formigón en Miranda	0	48.369,41
453.619	Execución de soleira con formigón desactivado no campo da festa e contorna da igrexa de Rebordaos	0	36.124,86
453.619	Despexe de vexetación e afirmado con zahorra en camiños en Serés	0	35.478,85
453.619	Rexeneración con rega asfáltica en camiños municipais	0	114.976,70
453.619	Mellora de firme con zahorra e revestimento de cunetas en viais en San Paio e Rodinso	0	47.263,86
336.632	Acondicionamento do lavadouro de Souto	0	26585,40
1522.632	Rehabilitación da escola de Rebordaos	0	51.648,49
1522.632	Cambio de ventás e portas na escola de Furís	0	5936,64
321.625	Ampliación do parque infantil no Colexio	0	12.517,45

E modificar a base nº 24 das de execución do orzamento xeral do exercicio 2026 e engadir a seguinte subvención nominativa:

Asociación	Fin	Importe
asociación Castroverde Fútbol Sala	Fútbol sala para nenos e nenas	3000

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 14 de xullo de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1925

CERVO

Anuncio

Pola Resolución de Alcaldía nº 2026-0603 de data 10 de xullo de 2026, unha vez concluído o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
Pamela Villares Fernández	**5954**

Característica da praza:

Grupo: C

Subgrupo: C2

Escala: Administración Xeral

Subescala: Auxiliar

Denominación: Auxiliar Administrativo/a

Nº de vacantes: 1

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 25 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Cervo, 13 de xullo de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1926

LOURENZÁ

Anuncio

Convocatoria e publicación das bases reguladoras do proceso de selección para a contratación dunha persoa desempregada mediante a modalidade de contrato formativo para a obtención da práctica profesional dun/dunha auxiliar administrativo/a para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de oposición, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2026)

Por Resolución da Alcaldía de data 15/07/2026 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección para a contratación mediante a modalidade de contrato formativo de dez meses para a obtención da práctica profesional dun/dunha auxiliar administrativo/a para o Concello de Lourenzá, mediante o sistema de oposición, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excm. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2026).

A convocatoria e as bases íntegras están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, , na páxina web do Concello de Lourenzá www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición das persoas interesadas nas Oficinas Municipais.

A selección das persoas aspirantes realizarase previa presentación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 15 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1927

Anuncio

Convocatoria e publicación das bases reguladoras do proceso de selección para a contratación dunha persoa desempregada mediante o sistema de concurso-oposición, como condutor/a operador/a de maquinaria forestal con motor para o Concello de Lourenzá, en réxime de persoal laboral temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excma. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025).

Por Resolución da Alcaldía de data 15 de xullo de 2026 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, en réxime de persoal laboral temporal mediante contrato por circunstancias da produción, por unha duración de tres meses, dun/dunha condutor/a operador/a de maquinaria forestal con motor para prestar servizos no Concello de Lourenzá, mediante o sistema de concurso-oposición, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos entre o Concello de Lourenzá e a Excma. Deputación Provincial de Lugo (Programa de Reforzo do Emprego 2025).

A convocatoria e as bases íntegras están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina web do Concello de Lourenzá www.concellodeLourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais.

A selección das persoas aspirantes realizarase previa presentación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 15 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Rocío López García.

R. 1928

MONTERROSO*Anuncio*

Por decreto de Alcaldía de data 09/07/2026 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal para o Concello de Monterroso nos postos de:

CENTRO DE DÍA.- Auxiliar cociña

ESCOLA INFANTIL.- Auxiliar cociña.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Monterroso no prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de instancias, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 9 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1907

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 TÉCNICO PARA AS OFICINAS DE TURISMO) AO ABEIRO DO CONVENIO PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO FRANCÉS

POSTO DE TRABAJO: 1 TÉCNICO PARA OFICINAS DE TURISMO

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 14 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1929

RIBADEO

Anuncio

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2026.

Por medio do Decreto 2026-0891 de Alcaldía, aprobouse a Oferta de Emprego Público do ano 2026 do Concello de Ribadeo, o día 10 de xuño de 2026 co seguinte detalle:

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2026.

PLAZAS A INCLUIR NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2026

PERSONAL FUNCIONARIO: Administración especial

Código RPT	Número de prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo. Sistema provisión
0302/U*	1	Aparellador/Arquitecto Técnico*	Admón Especial	Subescala Técnica	Técnico Medio	A2 Oposición

*Baixa producida no primeiro semestre de 2026, desconta da taxa de reposición de 2027.

PERSONAL FUNCIONARIO: Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios

Código RPT	Número de prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo. Sistema provisión
0201/U	1	Inspector Xefe Policía Local	Admón Especial	Subescala Executiva	Policía Local	A2 Mobilidade

PERSONAL LABORAL

Código RPT	Dotación	Denominación	Grupo/Nivel equiparación funcionarios	Clase/escala	Sistema provisión
1022/2	1	Oficial Obras	C2	Departamento de Obras	Ordinario
0407/U	1	Avogada CIM	A1	Servizos Sociais	Ordinario
1031/U	1	Conductor Pala	C2	Departamento de Obras	Ordinario
1021/1*	1	Oficial Encargado Obras*	C2	Departamento de Obras	Ordinario

*Baixa producida no primeiro semestre de 2026, desconta da taxa de reposición de 2027.

De conformidade co que dispón o artigo 20 da vixente Lei de orzamentos, o prazo máximo para a convocatoria das prazas será o de tres anos a contar dende a data da publicación da oferta de emprego. Este prazo inclúe a convocatoria e a resolución dos procesos selectivos derivados da mesma de conformidade coa STS 3549/2025 da Sala Contencioso-Administrativa.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Ribadeo, 13 de xullo de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1908

PANTÓN

Anuncio

Na sesión celebrada o 10.07.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xuño de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de xuño de 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 27.07.26 ao 27.09.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 29.07.26.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 13 de xullo de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1909